

En Boiro, sendo ás 11:00 horas do 30 de xuño de 2023, ten lugar a reunión da Comisión de Coordinación Pedagóxica do IES Espiñeira de Boiro coa seguinte orde do día,

- 1.- Aprobación, se procede, da acta anterior
- 2.- Información e acordos para o curso 23/24
- 3.- Rogos e preguntas

1.- Aprobación, se procede, da acta anterior

María Ana Domínguez, directora do IES Espiñeira sinala que a acta, atópase disponible na páxina web para a súa lectura.

Apróbase a mesma por unanimidade.

2.- Información e acordos para o curso 23/24

María Ana explica que tras o primeiros datos recollidos da matrícula, neste curso 23/24 conteremos con dúas liñas de 1º de Bacharelato e unha sola liña en 2º de Bacharelato.

No Bacharelato os centros contan con dúas horas de disposición (unha en cada curso). A hora do primeiro curso estará asignada ao departamento de Lingua Castelá e en segundo curso propón que sexa asignada ao departamento de Filosofía. Apróbase a proposta por unanimidade.

Mariana explica a asignación de horas a cada departamento e realiza unha petición aos departamentos para asignar os ámbitos de PDC e de FPB.

A directora informa tamén sobre a matrícula de FP nestos momentos (FPB: 4 alumnos, CMXA: 8 alumnos solicitan praza como primeira opción, CSAF: 9 alumnos solicitan praza como primeira opción, CMIT: 6 alumnos solicitan praza como primeira opción)

María Ana informa sobre o Proxecto Lingüístico de Centro e a asignación das diferentes materias. Pablo Rivas modifica a asignación no 1º curso de CMIT e Rosa Ventín, xefa do departamento, inclúe o 2º curso de CMXA.

Por último, María Ana, explica que na educación secundaria obrigatoria estarán dispoñibles 4 horas de Proxecto Competencial e pide unha liña en conxunto para traballar. Mónica Pérez, xefa do departamento de Educación Plástica, propón tema animalista para traballar. Acórdase retomar o tema en setembro.

3.- Rogos e preguntas

Non hai.



A DIRECTORA

María Ana Domínguez Pérez

-Ausentes:

Antonio Castro Castro

Carlos Busto Lobato

María Margarita Fernández Gómez

A SECRETARIA

Raquel García Couto